



CONCELLO DE REDONDELA

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE  
TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 29 DE DECEMBRO DE 2014**

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Dar conta definitiva dos participativos
- 3.- Varios

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as dezanove horas e quince minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da concelleira ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

**GRUPOS POLITICOS:**

PSOE – DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

PP – MARIA JOSÉ BARCIELA BARROS

B.N.G. - XABIER BALSAS BARBEIRA en substitución de don JOSÉ LUIS GRANDE GRANDE, designado polo grupo político mediante solicitude presentada polo Rexistro Xeral do Concello de Redondela de data 30 de xuño de 2014 e con núm. de entrada 10.416.

**ASOCIACIÓNS CULTURAI:**

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ

ANA SANTOMÉ SANTOS

**COMUNIDADE DE MONTES:**

FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ

FERNANDO MAGDALENA BLANCO

JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL, incorporouse á sesión ás dezanove horas e vintecinco minutos

AVELINO ALONSO CRUZ



CONCELLO DE REDONDELA

**COMUNIDADE DE AUGAS:**

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ

**NON ASISTIRON:**

Don LUIS ANTONIO MEDAL FIEL, representante do grupo político A.E.R.

Don JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, representante das Asociacións Culturais.

Don EMILIO PARADA COVELO, representante das Asociacións Culturais.

Dona CARMEN CABALEIRO LAGO, representante da Asociación de Mulleres.

Don JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

Don AGUSTÍN FERNÁNDEZ ALVAREZ, representante das Asociacións Deportivas.

**INCIDENCIAS.-**

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 9 de outubro de 2014), sendo aprobado por unanimidade. Os representantes da Comunidade de Montes, don Fernando Magdalena Rodríguez e don Fernando Magdalena aclaran que os seus apelidos están intercambiados: onde dí Fernando Magdalena Rodríguez debe dicir Fernando Magdalena Blanco e onde di Fernando Magdalena Blanco debe dicir Fernando Magdalena Rodríguez.

A continuación pásase ao punto seguinte que é o de “Dar conta definitiva dos participativos”

A Presidenta pasa a palabra a dona M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros. Esta dí que do previsto no Consello parroquial do día 9 de outubro de 2014, xa se colocaron 2 quitamedos:

- a) O de Fondón
- b) O do Camiño das Laxes.

Queda pendente de colocar o quitamedo da curva da Tol debido a que hai problemas xa que as características do terreo non fan posible a súa colocación. A solución sería falar coa propietaria



## CONCELLO DE REDONDEIRA

do terreo onde se vai anclar o quitamedo. Ademais a concelleira di que o presuposto non deu para colocar unha marquesiña como estaba previsto.

Don Alvaro Ricón González di porque se meteu o proxecto do camiño da Moraliña senón se pode levar a cabo a obra e que ese diñeiro se debería destinar á marquesiña. Ademais pregunta que se vai facer coa marquesiña. Alvaro xunto con Ana Santomé Santos propoñen que sexa colocada polo concello fóra dos orzamentos participativos.

Respecto ás demais propostas:

a) Poñe-la canalización na Pista da Auga. A concelleira M<sup>a</sup> Xosé e o membro don José Luis foron ver a zona, pero non hai presuposto para face-la obra. Hai o problema unha ver cruzada a carretera xa que se descoñece ó propietario do terreo. Don Mario Sánchez Alvarez di que se pode desviala á cuneta de baixo.

b) Don Fernando Magdalena Blanco insiste en que os tubos do campo de fútbol aínda seguen atascados. A concelleira M<sup>a</sup> Xosé di que veu ver a zona co aparelador do concello e non ven con claridade o arranxo que hai que facer.

Don José Luis Riobó Gil incorporase a sesión ás dezanove hora e vintecinco minutos.

c) Respecto ao arranxo do Camiño dos Postes ou da Moraliña. Esta obra supón 60.000 euros O concelleiro Miguel Angel Alvarez Ballesteros veu falar, o día 28/12/2014, cos propietarios lindantes: o primer veciño cede se fai o mesmo o segundo. Debido a dificultade de pórse en contacto coa propietaria, don Fernando Magdalena Rodríguez propón poñer unha nota plastificada (para que non se molle) indicando que se poña en contacto co concello.

Don Fernando Magdalena Rodríguez di que chegaría con retira-las pedras. A isto a presidenta di que nos levaría a unha expropiación e este procedemento sería máis longo.

Despois disto pasamos a un punto terceiro que é o de varios:



## CONCELLO DE REDONDELA

a) A presidenta di que respecto ó arranxo das raíces que comen o asfalto na subida á Casa de Cultura de Trasmañó di que xa se enviou as notificacións ós propietarios para que limpen as leiras.

b) Don Xabier Balsas Barbeira di cal vai ser o plan do concello para os orzamentos participativos do ano 2015 ¿vai ser o mesmo orzamento?

A isto a presidenta contesta que en principio vai ser o mesmo. Se se aproban os presupostos do concello para o ano 2015, pode ser que se incremente algo.

c) Don José Luis Riobó Gil di que o arranxo do camiño da Cabadexa se faga con cargo ao presuposto do concello e non con cargo aos orzamentos participativos.

d) Don Fernando Magdalena Blanco di que, ao lado do campo de fútbol, hai unha fonte que é propiedade do concello e que debería ser arraxada con cargo aos presupostos do concello e non con cargo aos orzamentos participativos da parroquia.

e) A concelleira M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros di que a sinal de xeo para o camiño da Lamosa xa está no concello, só falta colocala.

f) Don Mario Sánchez Alvarez di que hai que pór unha sinal de estrada cortada no camiño do Coto da Rola, á entrada da Poza da Lagoa.

g) Don Mario Sánchez Alvarez e don Fernando Magdalena Blanco din que no camiño Leira do Muíño (que vai ó Picoto) non ten cuneta e que a auga se filtra para as fincas, debería facer unha cuneta. A concelleira M<sup>a</sup> Xosé di que se inclúan nos participativos do ano 2015.

A isto don Xabier Balsas Barbeira di que en vez de facer unha cuneta (xa que corta o camiño) o que se debería facer é asfaltar xa que os retranqueos xa están feitos.

A presidenta di que pasará pola zona para ver canto suporía o custe para ver se entrarían con cargo ao presuposto do concello ou con cargo aos orzamentos participativos.



## CONCELLO DE REDONDELA

h) Don Fernando Magdalena Rodríguez di que no acceso principal ao Centro Cultural de Trasmañó hai curvas nas que hai pouca visibilidade, propón que se pase a excavadora do concello co permiso dos veciños.

A continuación a concelleira dona M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros comenta que tódolas obras que se fan con cargo ós orzamentos participativos no concello de Redondela están vinculados unhas ás outras e que hai que esperar para face-las contratacións.

A concelleira Digna Rosa Rivas Gómez di que esta sesión do Consello Parroquial tiña que facerse antes: a finais de outubro ou principios de novembro. A isto a presidenta contesta que non se fixo antes xa que non estaban pechadas as contratacións. Dona Digna propón que a próxima sesión do consello parroquial se celebre en febreiro para así ir pensando en que se vai investir os orzamentos participativos do ano 2015. A presidenta está dacordo e propón que os membros do consello traian xa propostas para o mes de febreiro

Don Alvaro Ricón González di que xa levan 3 anos co tema do Camiño do Poste ou da Moraliña e xa se debería resolver. A isto a concelleira M<sup>a</sup> Xosé di que llo comente ao Sr Alcalde na Asamblea Veciñal que se vai celebrar a continuación xa que hai que buscar 60.000 euros.

Dona Ana Santomé Santos pregunta á presidenta se hai iniciativa por parte do Concello de incluír este gasto nos presupostos do ano 2015 ou vai ser con cargo a algunha subvención da Deputación.

A isto a presidenta contesta que está previsto que nos orzamentos do ano 2015 haxa unha partida para o Departamento de Vías e Obras, que é xeral pero non sabe se se vai incluír ahí; comenta que é mellor que se inclúa nalgunha subvención.

Don Alvaro Ricón González di que obras da parroquia de Trasmañó se van incluír no presuposto de ano 2015, que se compare con anos anteriores e pide que se traia unha relación histórica das obras feitas con cargo aos presupostos no Concello de Redondela, parroquia por parroquia para poder comparar. Don Fernando Magdalena Rodríguez di dos últimos 5 anos.



## CONCELLO DE REDONDELA

A isto, dona Ana Santomé Santos di que fóra dos participativos na parroquia de Trasmañó non se investiu en nada e pide que se priorice a parroquia nos orzamentos do concello e que non se faga todo con cargo ós participativos.

A concelleira M<sup>a</sup> Xosé Barciela Barros contesta dicindo que haberá un importante investimento de saneamento nos orzamentos do concello do 2015. Ademais de que a Deputación destina “x” € ó Concello de Redondela e o concello presenta distintos proxectos. Engade ademais de que a Deputación ten sido espléndida con concello.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

A PRESIDENTA

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

A SECRETARIA



M<sup>a</sup> BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ